



NUMAX LABORATORIO

**SERVIZOS GRÁFICOS
E DE VÍDEO PARA
PROMOCIÓN
OU PUBLICIDADE**

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
t. 686 138 443 | 666 618 490
www.numax.org | laboratorio@numax.org

NUMAX somos unha **cooperativa de traballo asociado sen ánimo de lucro** constituída en abril de 2014 e formada na actualidade por cinco socios traballadores e unha socia colaboradora (máis información en www.numax.org).

Traballamos con Coop57 para conseguir o crédito que nos permita abrir no centro de Santiago de Compostela unha sala de cinema con librería, con data prevista de apertura en marzo de 2015. A día de hoxe (outubro de 2014), superamos esa fase coa axuda de case 200 avalistas que apoiaron o noso proxecto durante estes meses, o que nos permite ter xa resolto o investimento que precisamos para comezar.

Pero NUMAX é tamén un **laboratorio de produción gráfica e audiovisual** que xa está en funcionamento, e contamos cunha oferta de servizos que cubren un amplo abano de traballos gráficos sobre distintos soportes e todo o proceso de gravación, edición e posproducción de vídeo. Os socios da nosa cooperativa provimos destes dous campos (podedes consultar os currículos anexos), nos que levamos anos traballando e colaborando de diversas maneiras, e por iso é que agora estamos en disposición de ofrecer a nosa experiencia para atopar solucións ás necesidades dos nosos clientes.

Queremos **dirixirnos en primeiro lugar ao resto de cooperativas galegas** porque moitas nos fixeron chegar, en conversas informais, as súas dificultades para se desenvolver neste terreo. Tamén pretendemos, con esta presentación, darnos a coñecer e tecer unha rede de colaboracións co resto de cooperativas que poidan precisar dos nosos servizos. Non en balde un dos nosos desexos é, sempre que sexa posible, recorrer a outras cooperativas galegas para cubrir as nosas propias necesidades.

Por tanto, detallamos a seguir varios **servizos que consideramos poden resultar do voso interese.**

PRODUCCIÓN DE VÍDEO

Malia que nos podemos axustar facilmente aos requerimentos específicos de cada cooperativa, achegamos tres posibles modelos orientativos que poden servir de base sobre a que traballar.

1. Documental breve de 15-20 minutos

A súa función principal é dar a coñecer o traballo cotiá da cooperativa, co obxecto de promocionala na rede ou calquera outra canle informativa, mais tamén para difundir determinados valores e pautas de consumo responsable ou mesmo fortalecer o proxecto durante a solicitude dunha axuda pública. Tamén pode servir como rexistro do traballo realizado ou como apoio a unha campaña temporal.

O tempo de produción dun vídeo destas características estimámolo en pouco máis dun mes, durante o que se desenvolverán as seguintes catro fases:

Preproducción (1ª semana): nesta fase inicial estableceremos o primeiro contacto persoal, a través dunha visita ao voso espazo de traballo, e concretaremos as necesidades específicas da cooperativa. É o momento no que se define a liña temática do vídeo e o que se procura coa súa realización. Tamén se establecen as pautas formais (voz en off, entrevistas, etc.) que se queiran desenvolver no traballo. En caso de precisalo podemos asesorarvos nós mesmos sobre a mellor solución para cada caso. Pola nosa conta, a partir deste primeiro contacto, saberemos das necesidades técnicas e tecnolóxicas que requirirá a produción e prepararemos o material de gravación requirido. Unha vez teñamos toda a información estaremos en disposición de elaborar o orzamento definitivo.

Gravación (2ª semana): o tempo destinado a esta fase variará en función do grao de detalle no rexistro que se precise ou das determinacións meteorolóxicas, mais para un caso tipo podemos resolver este paso en aproximadamente unha semana. Segundo as necesidades expresadas na fase anterior encargámonos do rexistro en vídeo de procesos de traballo, realización de entrevistas cos responsables da cooperativa e toma de planos recurso suficientes para encarar con éxito a seguinte fase.

Edición (3ª e 4ª semana): será o momento de descargar e catalogar todo o material gravado, tanto o vídeo como o audio. Discutiremos a estrutura xeral da montaxe e chegaremos a acordos específicos co cliente, co que estaremos en permanente contacto durante os primeiros días. No caso de precisardes dunha gravación en off, realizáremola durante estas semanas, malia que segundo a magnitude e características específicas deste recurso poden variar os tempos de entrega. Ao final da primeira semana ofreceremos un primeiro corte para discutilo conxuntamente e matizar ou reelaborar diversos aspectos da montaxe. Á fin desta fase, acordarase o corte final para proceder á súa entrega no soporte requirido.

Postproducción e entrega (5ª semana): na fase final faise a corrección de cor e todos os axustes necesarios para completar o traballo. Segundo o acordado, exportaremos o vídeo ao formato máis axeitado aos obxectivos de cada cooperativa, nomeadamente arquivos mov ou mp4 (para a súa difusión na rede), DVD e BluRay (para o seu consumo doméstico ou venda) ou ambos. Tamén podemos exportar a outros formatos, só tedes que consultarnos.

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
t. 686 138 443 | 666 618 490
www.numax.org | laboratorio@numax.org

2. Teaser de 5 minutos

Un *teaser* é un vídeo breve que normalmente non sobrepasa os 10 minutos e que pode resultar de utilidade para unha presentación máis xeral dunha actividade ou servizo. Está máis dirixido á promoción ca o caso anterior e adoito é un formato empregado para a difusión de campañas, presentacións web ou como material extra na solicitude de subvencións.

As fases nas que se desenvolve este traballo son semellantes ás especificadas no punto anterior, malia que o prazo de entrega se pode reducir a 2-3 semanas.

3. Cuña de publicidade de 10-15 segundos

Destinado especificamente á promoción na rede ou televisión, pero aquí tamén podemos engadir unha posibilidade derivada dos recursos da nosa cooperativa. Posto que a nosa sala de cinema abrirá as portas en marzo de 2015, contaremos co escaparate perfecto para anunciar negocios locais entre os que queremos primar as cooperativas. A nosa sala proxectará 6 días á semana, a razón de 3 pases diarios entre semana e 4 a fin de semana. Antes de cada proxección emitiremos anuncios breves como os que se detallan neste punto. Se queredes coñecer as nosas tarifas de publicidade en pantalla non deixedes de consultarnos.

O tempo estimado de produción é de 1 ou 2 semanas, segundo o formato escollido polo anunciante.

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
t. 686 138 443 | 666 618 490
www.numax.org | laboratorio@numax.org

PRODUCCIÓN GRÁFICA

O laboratorio conta cunha división gráfica formada por profesionais que veñen traballando nos últimos anos como deseñadores gráficos especializados no mundo editorial e na difusión cultural, incluíndo tamén tarefas de redacción e creación de contidos.

Publicacións

Segundo as necesidades de comunicación da cooperativa, ofrecemos deseño de polípticos, catálogos, revistas, xornais ou formatos especiais. Podemos solucionar tamén ferramentas básicas de comunicación na internet ou, se procurades un produto máis complexo, axudarvos a conseguilo. Ofrecémosvos tamén o servizo de redacción e creación de materiais escritos que precisades para as vosas publicacións.

Soportes publicitarios

Para campañas de publicidade concretas, solucionamos a vosa comunicación no formato axeitado: anuncios en prensa ou revistas, cartaces para a rúa, para mobiliario urbano, valados ou *stands* para feiras e congresos.

Imaxe corporativa

Contra o que se pensa normalmente, a imaxe corporativa non se limita á creación dun logotipo (moitas veces nin sequera é preciso un logotipo), trátase máis ben de estudar as necesidades de imaxe de cada empresa e que cousas se poden facer para que a xente poida identificala e mesmo facilite o traballo dentro da cooperativa a través dunha boa comunicación interna ou unha sinalización correcta dos espazos.

Empaquetado de produtos

Poñer bonitas as cousas non só para atraer a mirada dos clientes. Tamén para que sexan máis prácticas ou máis divertidas ou duren máis. Cada produto é un mundo. Pode precisar unha etiqueta, unha caixa, un papel de agasallo, unha bolsa ou o propio envase (sempre en colaboración con deseñadores industriais, que todo non o podemos facer).

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
t. 686 138 443 | 666 618 490
www.numax.org | laboratorio@numax.org

QUEN SOMOS

Os socios de NUMAX somos profesionais de distintos ámbitos que nos unimos para facermos xuntos o que viñamos facendo por separado. Mentres non creamos o noso propio cartafol de traballos, podedes consultar outros proxectos nosos nas nosas webs persoais:

Antonio Doñate dongrafica.net

Licenciado en BB.AA. pola Universidad Politécnica de Valencia. Diseñador gráfico freelance. Responsable de deseño do MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo, revista *Luzes* (xunto a X.Carlos Hidalgo), Festival Sinsal, Imaxinasons, Festival de Jazz de Vigo, Culturgal. Feira galega das industrias culturais; traballos de deseño expositivo, sinalético e editorial para a Cidade da Cultura de Galicia, CGAC, Centro Galego de Arte Contemporánea, Museo do Mar de Galicia, Fundación Luis Seoane; deseñador gráfico da Bienal de Arte de Pontevedra, o CAT, Centro de Artesanía Tradicional de Vigo, *Realidade*. Ciclo de cine ao aire libre do Concello de Vigo; responsable gráfico da empresa Van Divulgación Cultural de Vigo, colaborador asiduo en PXC, Producción e Xestión Cultural. É ademais autor de dúas novelas: *La paz social* e *Acceso al comportamiento*, publicadas no selo Caballo de Troya.

Pablo Cayuela es.linkedin.com/in/pablocayuelamiguel

Diplomado en Dirección de Fotografía polo CECC (Barcelona) e certificado Apple en edición e posproducción de vídeo. Estuda Antropoloxía Social e Cultural pola UNED. Traballa como eléctrico e operador de cámara en cinema e televisión, como realizador e montador freelance e como director de fotografía e etalonador. Escribe sobre cinema para distintos medios e

traballou no Cineclube de Compostela (2009-2014). En 2012 estreou, xunta Xan Gómez Viñas a súa primeira longametraxe, *Fóra*, que se puido ver en museos, mostras e festivais de todo o mundo, entre eles CPH:DOX (Copenhague), Museo Reina Sofía (Madrid), Alcances (Cádiz), Documenta (Madrid), Kinomuzeum (Varsovia) ou L'Alternativa (Barcelona).

Ramiro Ledo ramiroledo.com

Licenciado en Xornalismo pola USC e estadiu na Université Paris VIII. Posgrao da Escola de Llibrería da UB, Máster en Documental de Creación da UAB e en Estudos de Cinema e Audiovisual Contemporáneos na UPF. Fundador e co-director do Cineclube de Compostela (2001-2007) e da revista de cinema *Ariel*. Catalogador do arquivo audiovisual de TVE-G e colaborador sobre cinema para distintos medios. É realizador e montador freelance. Os seus filmes víronse en museos, mostras e festivais de todo o mundo, entre eles BAFICI (Buenos Aires), FID Marseille, Courtisane (Gante), Márgenes, S8, Cineuropa, Xcéntric (Barcelona), Las Palmas, IBAFF (Murcia), Antofadocs (Antofagasta), MARCO (Vigo), CCCB (Barcelona) ou Museo Reina Sofía (Madrid).

X. Carlos Hidalgo behance.net/xcarloshidalgo

Licenciado en Xornalismo pola USC. Cursou o módulo de Composición de Páxina do Posgrao en Tipografía da UAB – Escola Eina (Barcelona). Traballou no estudio de Uqui Permui (2006-2012) e como deseñador gráfico freelance. Publicou crítica literaria e ilustracións para distintos medios e foi membro fundador de Estaleiro Editora. Responsábel da imaxe gráfica de diversos filmes, do Cineclube de Compostela (2002-2014) e da revista *Ariel*. Colabora co selo musical Discos da Máquina no deseño de portadas e cartelaría. Desde 2013 ocúpase canda Antonio Doñate do deseño, maquetación e edición gráfica da revista *Luzes*.

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
t. 686 138 443 | 666 618 490
www.numax.org | laboratorio@numax.org

CONTACTO

Escribídenos a **laboratorio@numax.org**
se precisades un orzamento para
algún destes servizos ou algunha outra
proposta máis axustada ás necesidades
da vosa cooperativa, ou se simplemente
queredes consultarnos calquera dúbida.

Tamén podedes chamarnos
ao **666 618 490** (Pablo) ou
ao **686 138 443** (Carlos).

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
t. 686 138 443 | 666 618 490
www.numax.org | laboratorio@numax.org